

A XUSTIZA CONDENA A CSIF POR DIFAMAR E ATENTAR CONTRA O DEREITO Á HONRA DE CCOO e UGT

As mentiras teñen as patas curtas e as inxurias son sancionadas polos tribunais

Santiago, 31-05-22.- O Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Santiago ven de facer pública a [sentenza na que declara probada a lesión contra o dereito á honra de UGT e CCOO](#) por parte do sindicato CSIF a raíz da publicación no HERALD TOUPEIRAS titulada “CCOO e UGT coñecían e ocultaron a intención do PP de impoñer a mobilidade forzosa”, Esta nota difamatoria, tamén foi difundida na páxina web <https://heraldtoupeiras.es>, o 29 de xaneiro de 2021 e se mantén a día de hoxe.

Así, na sentenza déixase ben claro que o artigo, -onde se acusaba a **UGT** e **CCOO** de actuar en convivencia co PP- para impoñer a mobilidade forzosa ao persoal funcionario, eran simples “conxecturas ou rumores non confirmados”, coa finalidade de desacreditar a acción sindical de ambos sindicatos. Segundo a Xustiza, o texto vai máis aló e afirma que “o artigo está dirixido, polo tanto, a difamar a actuación dos sindicatos actores na defensa que dos dereitos dos traballadores lles corresponde, polos termos empregados e as insinuacións realizadas”.

A liberdade de información, na que pretendeu ampararse a CSIF é corrixida pola Xustiza ao recordarlle que, para que poida prevalecer sobre o dereito á honra, esíxese que a información cumpra co requisito da veracidade e das razoables dilixencias, por parte do informador, para contrastala fehacemente.

A propia sentenza confirma que se parte dun feito non veraz e non contrastado para realizar unhas afirmacións “claramente difamatorias e atentatorias contra a honra dos demandantes nun tema intrinsecamente ligado á súa actividade e fin legal constitucional, como é a defensa dos dereitos dos traballadores”

Finalmente a sentenza estima integramente a demanda presentada por **UGT** e **CCOO**, por tutela de dereito á honra, e condena ao sindicato CSIF, a eliminar a publicación e a publicar integramente a sentenza no mesmo medio utilizado para a difusión do boletín e durante o mesmo tempo en que estivo exposta a anterior información, coa imposición das costas do proceso.

CCOO e **UGT** valoramos positivamente esta sentenza, sobre todo, pola súa esencia exemplarizante para deixar ben claro que na “loita” sindical non todo vale, e moito menos as inxurias, calumnias e mentiras que, como neste caso, intentan desacreditar o traballo sindical que no día a día **UGT** e **CCOO** facemos en defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

NON TODO VALE. En ningún caso imos permitir novos atentados á honra, por parte de ningunha organización sindical, pois hai que diferenciar sempre a liberdade á información con veracidade, da inxuria e da difamación gratuíta.